CA2.5 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da xenética molecular a través da formulación e da resolución de problemas, buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados.	Explicar fenómenos relacionados cos saberes da xenética molecular.		
CA2.6 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da xenética molecular e reformular os procedementos utilizados ou as conclusións se esta solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da xenética molecular.	TI	10
CA2.1 - Argumentar sobre aspectos relacionados cos saberes da xenética molecular, considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Argumentar sobre aspectos relacionados cos saberes da xenética molecular cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise dos procesos da expresión xénica e o seu significado biolóxico: replicación, transcrición e tradución.

UD	Título da UD	Duración
14	Xenética molecular II. Regulación da expresión xénica. Mutacións	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xenética molecular, localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Expor e resolver cuestións relacionados cos saberes da xenética molecular, como a relación entre mutación e evolución.	PE	90
CA2.5 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da xenética molecular a través da formulación e da resolución de problemas, buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados.	Explicar como se producen as mutacións e describir os mecanismos de regulación da expresión xénica, diferenciando procariotas de eucariotas.		
CA2.6 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da xenética molecular e reformular os procedementos utilizados ou as conclusións se esta solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analizar críticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da xenética molecular.		
CA2.1 - Argumentar sobre aspectos relacionados cos saberes da xenética molecular, considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Argumentar sobre aspectos relacionados cos saberes da xenética molecular cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relación entre as mutacións, a replicación do ADN, a evolución e a biodiversidade.</li> <li>- A regulación da expresión xénica e o seu significado biolóxico.</li> <li>- Comparación dos procesos de expresión xénica e a súa regulación en procariotas e eucariotas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
15	Técnicas de enxeñaría xenética. Aplicacións	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada coa biotecnoloxía e as súas aplicacións utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas, etc.	Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada coa biotecnoloxía e as súas aplicacións utilizando fontes fiables.	PE	90
CA5.3 - Analizar e recoñecer as principais e máis relevantes técnicas de enxeñaría xenética valorando as súas aplicacións en diferentes ámbitos de actuación.	Analizar e recoñecer as principais e máis relevantes técnicas de enxeñaría xenética.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Avaliar a aplicación da biotecnoloxía en distintos ámbitos incorporando todos os coñecementos e técnicas que os últimos avances científico-tecnolóxicos proporcionen a este tipo de campos de investigación.	Recoñecer a importancia da biotecnoloxía moderna e como as técnicas de enxeñaría xenética permitiron o seu desenvolvemento.		
CA5.1 - Argumentar sobre aspectos relacionados coa biotecnoloxía considerando os puntos fortes e débiles das diferentes posturas que hai en relación a este tema na actualidade, sempre desde unha postura razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Argumentar sobre aspectos relacionados coa biotecnoloxía desde unha postura razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Técnicas de enxeñaría xenética. Aplicacións.
- PCR, enzimas de restrición, clonación molecular, CRISPR-CAS9, etc.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
16	Importancia e aplicacións da biotecnoloxía	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada coa biotecnoloxía e as súas aplicacións utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas, etc.	Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada coa biotecnoloxía e as súas aplicacións.		
CA5.3 - Analizar e recoñecer as principais e máis relevantes técnicas de enxeñaría xenética valorando as súas aplicacións en diferentes ámbitos de actuación.	Coñecer as aplicacións das técnicas de enxeñaría xenética en diferentes ámbitos de actuación.	PE	90
CA5.4 - Avaliar a aplicación da biotecnoloxía en distintos ámbitos incorporando todos os coñecementos e técnicas que os últimos avances científico-tecnolóxicos proporcionen a este tipo de campos de investigación.	Avaliar a aplicación da biotecnoloxía en distintos ámbitos, recoñecendo o importante papel dos microorganismos.		
CA5.1 - Argumentar sobre aspectos relacionados coa biotecnoloxía considerando os puntos fortes e débiles das diferentes posturas que hai en relación a este tema na actualidade, sempre desde unha postura razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Argumentar sobre aspectos relacionados coa biotecnoloxía.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Importancia e repercusións da biotecnoloxía en distintos ámbitos (saúde, agricultura, ambiente, novos materiais, industria alimentaria, etc.).
- O papel dos microorganismos na biotecnoloxía.

UD	Título da UD	Duración
17	O proceso inmunitario	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Explicar e describir en que consiste a inmunidade, comentando a importancia das barreiras externas e achegando exemplos próximos.	Explicar e describir en que consiste a inmunidade e as barreiras externas do organismo.	PE	90
CA6.2 - Comparar os distintos tipos de inmunidade achegando exemplos.	Achegar exemplos dos distintos tipos de inmunidade.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Concepto de inmunidade e importancia das barreiras externas para dificultar a entrada de patóxenos.
- Tipos de inmunidade.
- Inmunidade innata e específica.
- Inmunidade humoral e celular.
- Inmunidade artificial e natural, pasiva e activa.

UD	Título da UD	Duración
18	Fases das enfermidades infecciosas. Alteracións do sistema inmunitario	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Describir as principais patoloxías do sistema inmunitario, identificando as súas causas e analizando a súa relevancia clínica.	Describir as principais patoloxías do sistema inmunitario.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Diferenciar e comparar as enfermidades infecciosas das non infecciosas, identificando as súas fases.	Diferenciar as enfermidades infecciosas das non infecciosas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Fases das enfermidades infecciosas.
- Principais patoloxías do sistema inmunitario. Causas e relevancia clínica.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No Bacharelato, dadas as características do alumnado en canto á súa madurez intelectual, é posible aumentar a autonomía na aprendizaxe respecto a cursos anteriores. Dita autonomía non significa que os estudantes traballen unicamente de xeito individual, senón que poderán facelo en pequenos grupos, desenvolvendo actitudes de cooperación entre eles.

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe. A metodoloxía didáctica será activa, promovendo a aprendizaxe construtiva e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, fomentando o traballo cooperativo e aplicando os métodos apropiados de investigación, incidindo na relación dos contidos teóricos coas súas aplicacións prácticas. É por iso que se empregarán estratexias didácticas variadas, que combinen as estratexias expositivas acompañadas de actividades de aplicación, e as estratexias de indagación.

##### PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

No proceso de ensino e aprendizaxe, serán os seguintes:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas deben ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os alumnos e as alumnas o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio (e, se non é posible desenvolver alí unha práctica completa, en pequenas experiencias experimentais na aula), no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, favorecerá o interese pola mesma e axudará ao alumnado no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TIC: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso.

Baseándonos no anterior, e coa fin de acadar os obxectivos, levaranse a cabo as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, e que permita a comunicación e o intercambio de saberes e experiencias como base para o desenvolvemento integral do alumnado.
- Propiciar a construción dunha imaxe da ciencia non estática, entendendo que a provisionalidade das súas conclusións e teorías é unha das súas características fundamentais.
- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuenciación das actividades, e facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante a preparación de actividades nas que un dos obxectivos sexa o desenvolvemento de procedementos, facendo especial fincapé nas actividades prácticas de laboratorio.
- Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida cotiá, mediante a análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade ou realizando saídas didácticas combinadas con informes ou traballos específicos utilizando diferentes formatos.
- Favorecer o uso das tecnoloxías da información e a comunicación valorando a súa importancia na sociedade actual e propiciando a súa integración na aula.

#### TIPOS DE ACTIVIDADES

Realizaranse actividades diversas de acordo coa seguinte secuenciación didáctica:

- Actividades de iniciación: necesarias para coñecer as ideas previas do alumnado sobre os contidos que se van tratar con posterioridade; para que os alumnos e alumnas recorden coñecementos e comprobemos que estes deben ser ampliados, e transformalos para dispoñelos favorablemente para a aprendizaxe.
- Actividades de desenvolvemento e estruturación: serven para que o alumnado tome contacto, poña en práctica e asimile os contidos, compare os coñecementos anteriores cos novos e para que incorpore os novos contidos á súa experiencia persoal.
- Actividades de aplicación e afondamento: necesarias para que os estudantes amplíen e apliquen as novas situacións e contextos aos coñecementos adquiridos.
- Actividades de consolidación e síntese: para dar solidez e firmeza ao aprendido.
- Actividades de reforzo: para aqueles estudantes que non teñan un progreso agardado.
- Actividades específicas de avaliación: serven para comprobar o grao de aprendizaxe logrado polos alumnos e alumnas e para detectar erros, inexactitudes e dificultades nos coñecementos adquiridos e tamén para reforzar aprendizaxes
- Actividades para preparar as probas PAU: para familiarizar ao alumnado con estas probas, co formato dos enunciados, cos criterios de cualificación que empregan, etc.

#### DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á Unidade Didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
- c) Desenvolvemento da unidade: a través de diferentes tarefas e actividades e facendo emprego de presentacións que acompañen á explicación, para que así poidan completar os apuntamentos.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade: repaso dos contidos máis importantes ao finalizar cada UD.

#### CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos concretos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno.

Así mesmo, contribuirase ao Plan Dixital coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, simulacións, presentacións, avaliacións interactivas...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual aprobada para o curso 2024/2025.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos elaborados pola profesora da materia
Material dispoñible na aula virtual da materia
Libro de texto recomendados para consulta: Anaya e outros (Santillana, Mc Graw Hill, SM...)
Material e mobiliario da aula
Material e mobiliario do laboratorio
Actividades: de iniciación, de desenvolvemento e estruturación, de ampliación e afondamento, de consolidación e síntese, de reforzo, específicas de avaliación
Material bibliográfico en diferentes formatos: da biblioteca do centro e da aula e laboratorio de ciencias

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases é o laboratorio de Bioloxía. Esta aula está equipada cun encerado dixital e outro de velleida. O alumnado dispón de mesado e taburetes para recibir clase teórica, realizar actividades e/ou facer prácticas de laboratorio. Ademais, este espazo está dotado co instrumental e materiais

presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

O alumnado terá acceso á aula virtual da materia, no que a profesora incorporará todos os materiais (de elaboración propia de xeito maioritario) necesarios para cada unha das unidades didácticas que forman parte da programación didáctica da materia; esta aula virtual será o medio de comunicación entre o alumnado e a profesora da materia durante o curso, especialmente en momentos da ausencia prolongada dalgún alumno ou alumna.

En relación ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o material elaborado pola profesora, o libro de texto recomendado para consulta polo Departamento e todos os materiais que formen parte dos contidos da aula virtual da materia.

O alumnado poderá consultar todos os materiais (en diferentes formatos) que forman parte do laboratorio de ciencias e tamén os da biblioteca do centro.

O profesorado do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía facilitará ás alumnas e aos alumnos todos os materiais bibliográficos que necesiten e, na medida do posible, os incorporarán á aula virtual da materia para que poida ser compartido por todo o alumnado da materia.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso da avaliación inicial permite coñecer e valorar cal é a situación do alumnado no momento de comezar a traballar a materia e así averiguar cales son as súas dificultades de aprendizaxe para, ao longo do curso, adoptar as medidas de reforzo educativo e as adaptacións que se consideren mais axeitadas.

A avaliación inicial consistirá, por unha parte, dunha proba escrita con cuestións que corresponderán aos mínimos de consecución que forman parte da programación didáctica da materia e non incorporarán cuestións sobre os elementos curriculares da materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato que non teñan continuidade en Bioloxía de 2º de Bacharelato. A maiores, e tendo en conta especialmente o novo modelo das probas PAU, a partir dun texto de carácter científico formularanse unhas cuestións sobre o mesmo para poder comprobar o nivel de comprensión lectora e expresión escrita do alumnado. En definitiva, o obxectivo é que a proba de avaliación inicial estea baseada nas competencias e contidos necesarios para superar a materia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	5	5	5	5	4	8	7	5	1
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	6	6	10	8	5	5	7	3	100
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	90
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10

#### Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

#### A.- Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo/a alumno/a nos seguintes apartados e de acordo coa ponderación proposta para cada un deles.

##### PROBAS ESCRITAS (90%)

A cualificación correspondente a este apartado na avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas nas distintas probas a realizar (mínimo unha proba escrita por trimestre). Se un/unha alumno/a non se presenta a unha destas probas obxectivas, a materia correspondente a dita proba poderá incluírse para ser avaliada na seguinte proba que se realice, ou na data que a profesora considere oportuno.

##### TRABALLO NA AULA E TAREFAS (10%)

Corrección de exercicios e tarefas de aula (boletíns de actividades relacionadas coas UD e de preparación da PAU) e/ou informes de actividades prácticas no laboratorio, en caso de realizar algunha. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro da profesora (rúbricas).

#### B.- Criterios para determinar a cualificación na avaliación final ordinaria

A cualificación só será positiva se os alumnos e alumnas superan todos os mínimos de consecución establecidos para cada avaliación e a materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

A cualificación final da materia será a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións do curso. Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. A cualificación de cada avaliación que se computará para a media final, no caso de haberen probas de recuperación, será a máis alta das obtidas polo/a alumno/a (de entre a de a avaliación ordinaria e as de recuperación das avaliacións suspensas).

Nos casos nos que o alumnado obteña na nota final unha cualificación con decimais, na convocatoria ordinaria, seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados ao enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior. (exemplo: 6,6 correspóndelle un 7 na avaliación).

#### Implicacións das accións ilícitas respecto ao proceso de aprendizaxe

Entre os obxectivos fundamentais que temos a obriga de contribuir a desenvolver no alumnado como docentes están: asumir responsablemente os seus deberes e desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual, preparándose para o exercicio da cidadanía comprometida e capaz de tomar decisións dende a responsabilidade. Tendo en conta estes obxectivos, tomaranse as seguintes medidas fronte a acción inadecuadas:

o No relativo a exercicios ou actividades encomendadas polo docente, copiar todo ou parte do traballo dun/ha compañeiro/a suporá a adxudicación automática dunha cualificación de 0 puntos nesa tarefa/actividade. Se o/a alumno/a presenta un produto/actividade do que non ten a propiedade intelectual, non realizada por el senón obtida ou copiada de Internet (plaxiada) ou por calquera outro medio, o profesorado poderá plantexar ao discente as cuestións que considere necesarias para contrastar se existe correlación entre o presentado e o nivel do alumno. En caso de non darse a adecuada correlación a cualificación da devandita actividade será de 0 puntos

o Accións graves destinadas a obter ou proporcionar información ilícita (mirar o libro, caderno, follas de notas - chuletas-, cambio ou intercambio de exames, móbiles, MP3, MP4, reloxo ou calquera tipo de aparellos electrónicos, mirar o exame dun compañeiro, amosar o propio etc.) Interrupción da proba e adxudicación automática dunha cualificación de 0 puntos, debendo o alumnado implicado recuperar dita parte no mes de xuño.

o Accións que perturben ou alteren o normal desenvolvemento da proba (falar sen autorización durante a proba, facer rúidos, facer muecas, sentarse de forma incorrecta, utilizar calquera material sen autorización, etc.) Interrupción da realización da proba e emprazamento ao alumnado implicado a súa realización cando o profesorado considere oportuno.

o Ante calquera evidencia sobre a proba escrita de que determinada información foi obtida ou proporcionada ilícitamente (posible uso de aparellos electrónicos, presenza na proba de información non requerida ou non explicada polo profesor, coincidencias evidentes con exames de compañeiros, ...) o profesor/a poderá en sesión posterior requerir a repetición da proba coa materia relacionada co exame, escrita ou oralmente.

#### ANEXO: Subida de nota

- Todos os alumnos/as coas 3 avaliacións aprobadas poderán presentarse a unha proba co fin de mellorar a súa cualificación final na materia.

- Esta proba incluírá contidos da avaliación que se pretenda mellorar (que será aquela na que acadou a cualificación máis baixa).

- A aqueles/as cuxa nota acadada sexa 2 puntos inferior á orixinal, faráselles unha media aritmética entre as dúas notas, que será a cualificación definitiva nesa avaliación e, polo tanto, a que se utilizará para facer a media total da materia.



### **Criterios de recuperación:**

#### **A.- Recuperación das avaliacións por parciais**

As materias deste departamento non teñen avaliación continua nos apartados referidos a numerosos contidos, polo tanto, os/as alumnos/as que non o acadaran o aprobado sumando todos os apartados na avaliación correspondente deberán presentarse e superar (obter un mínimo de 5 puntos) unha proba de recuperación que incluírá os contidos totais traballados no trimestre suspenso.

Se o/a alumno/a non supera o trimestre 1º a proba de recuperación realizarase despois da entrega de notas de 1ª avaliación (a data para a realización da proba de recuperación será establecida por acordo entre a profesora e o alumnado correspondente).

As probas para recuperar o 1º trimestre -se continúa suspenso despois da recuperación primeira- e os 2º e 3º trimestres realizaranse no mes de maio nunha proba final de recuperación por parciais (con data fixada polo Departamento e a Xefatura de estudos)

#### **Proba final de recuperación**

- No caso de que o alumno/a deba recuperar unha ou dúas avaliacións: a recuperación final constará das probas parciais correspondentes a cada unha das avaliacións suspensas. Cada avaliación suspenso considerarase recuperada se se obtén a cualificación de 5 ou superior.

- No caso de que o alumno/a deba recuperar as tres avaliacións, a recuperación final consistirá nunha proba global que versará sobre todos os contidos do curso. Nesta situación, a materia considerarase recuperada se nesta proba se obtén unha cualificación de 5 ou superior.

#### **B.- Recuperación na avaliación extraordinaria**

Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación final ordinaria realizarán, no mes de xuño e na data fixada polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e a Xefatura de estudos, unha proba extraordinaria que versará sobre a totalidade dos contidos do curso.

De acordo coa nova última ORDE do 27 de decembro de 2022, tras a avaliación final ordinaria, o alumnado poderá realizar actividades de apoio, de reforzo e de recuperación da materia sen superar e, de ser o caso, de preparación da PAU e das probas extraordinarias.

Esta proba de avaliación extraordinaria considerarase superada se se obtén unha puntuación de 5 ou superior. A cualificación nesta convocatoria final extraordinaria será 100% do resultado de dita proba escrita.

Nos casos nos que o alumnado obteña na nota final unha cualificación con decimais, na convocatoria extraordinaria, seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).

- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior. (exemplo: 6,6 correspóndelle un 7 na avaliación).

## **6. Medidas de atención á diversidade**

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses do alumnado están a miúdo bastante definidas, a organización da ensinanza permite que as alumnas e os alumnos resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas.

Porén, consideramos conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade do alumnado maniféstase en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe do alumnado e adoptar medidas as oportunas para afrontar esta diversidade (alumnado reflexivo, impulsivo, analítico, sintético...).

Dar resposta a esta diversidade é unha tarefa imprescindible, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado acadese os obxectivos propostos. Así, para acometer o tratamento da diversidade neste materia realízase principalmente por dúas vías:

1- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratarán mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.

2.- A atención á diversidade na programación das actividades; as actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade, por exemplo, permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivación.

O profesorado buscará o xeito de atender a toda a diversidade de alumnado descrita que curse Bioloxía en 2º de Bacharelato, en coordinación co Departamento de Orientación e a Xefatura de estudos. Ademais, este curso 2024/2025, hai unha alumna no grupo de Bioloxía que presenta TDAH, polo que se seguirá o protocolo de actuación específico da Xunta de Galicia para atender a este alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial							X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17	UD 18
ET.1 - Comprensión lectora	X	X

	UD 17	UD 18
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

#### Observacións:

Ao longo de todo o curso e durante a realización de todas as actividades e tarefas que forman parte da programación didáctica da materia, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

#### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un centro de investigación (CIQUS, IDIS)	O alumnado visitará algún dos centros de investigación de referencia en de Santiago de Compostela	X	X	
Conferencia do programa A Ponte	Participación nalgunha das conferencias propostas neste programa relacionadas coa materia		X	
Olimpiada de Bioloxía	O alumnado de participará, de xeito voluntario, na fase galega da Olimpiada de Bioloxía organizada polas Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo.			X

#### Observacións:

Valorarase a opción de solicitar unha conferencia das propostas polo programa A Ponte, sempre e cando a profesora da materia considere que é de moito interese como actividade complementaria para este alumnado. A visita ao CIQUS realizarase na 1ª avaliación en colaboración co departamento de Física e Química, por coincidir practicamente todo o alumnado destas 3 materias optativas en 2º Bacharelato (Física, Química e Bioloxía). A visita ao IDIS realizaríase no 2º trimestre de curso, previsiblemente xusto despois da reunión de avaliación (2ª) de 2º Bacharelato (polo tanto, para este alumnado, a visita realizaríase nunha das primeiras sesións da súa 3ª avaliación). En canto á Olimpíada de Bioloxía, plantexaráselle ao alumnado se desexa presentarse; non se produciu nos últimos anos.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das Unidades Didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das Unidades Didácticas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

#### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e auto-avaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das Unidades Didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Ademais, nas reunións do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía analizarase o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias e constarán en actas as posibles modificacións e/ou propostas de mellora. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do Departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar as incidencias e boas prácticas en relación á programación.

Con todos estes datos o profesorado do Departamento chegará a acordos e realizará todas as modificacións necesarias, que se deberán incluír nas programacións didácticas dos cursos correspondentes.

## **9. Outros apartados**